

HISTAGRA INFORMA

Vandalismo contra o monumento aos carrilanos asasinados en Castrelo do Val en 1936

No mes de xuño de 2017, a placa onde se homenaxeaba aos carrilanos asasinados en 1936 en Castrelo de Val foi destruída nun acto vandálico. Esta homenaxe fora promovida polos profesores Paula Godinho da Universidade de Lisboa e Manuel Loff da Universidade de Porto; Xosé Barxa, presidente da Asociación Cultural Carrilanos; o alcalde de Castrelo do Val Vicente Gómez García e polo **Proxecto Nomes e Voces (Grupo HISTAGRA-USC)** en 2012.



Desde o Grupo HISTAGRA avogamos por que este acto non quede impune, e que teñan por seguro aqueles que o cometeron que será reposta, e que a memoria de tod@s aqueles que foron perseguidos pola violencia desencadeada tralo golpe de Estado de 1936 non será esquecida xamais.

Ligazóns de interese:

<http://www.nomesevoces.net/gl/post/campobecerras-homenaxea-os-carrilanos-portugueses-asasinados-polo-fascismo/>

<http://www.sermosgaliza.gal/artigo/memoria/campobecerras-homenaxea-os-carrilanos-portugueses-fusilados-polo-fascismo/20120624224333002688.html>

Máis información:

histagra@usc.es
881812734